



UNIDADE 1

Volver empezar

Chame a atención dos seus estudantes sobre a foto da portadiña e pregúntelles: **De quen credes que é este brazo? Onde está? Que volve comezar?** As respostas que se esperan son: **dun profesor, nunha aula/diante do encerado/nun instituto, as clases...** Aproveite para especificar que en Galicia os centros de ensino secundario se denominan institutos ou escolas secundarias.

Por último, informe brevemente os seus alumnos dos obxectivos da unidade e da súa tarefa final: inventar a biografía do candidato ideal para un determinado posto de traballo.



1. PROMOCIÓN DO 87

Ler e escoitar fragmentos de conversas e responder preguntas de comprensión. Entrevistar un compañeiro sobre diferentes aspectos da súa vida na actualidade e no pasado.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade, os seus alumnos traballarán cunha serie de conversas extraídas dunha mesma situación: o reencontro dun grupo de compañeiros de carreira tras moito tempo sen verse. Uns e outros pónense ao corrente das novidades nas súas vidas e das cousas que non cambiaron.

Aparecen varias perifrases verbais que probablemente non coñecen os seus alumnos. Recomendámoslle que dirixa a súa atención ao significado dentro do contexto e que espere chegar á actividade 4 para deterse en explicacións formais.

Se se trata do primeiro día de clase, pode aproveitar o breve cuestionario que se propón na epígrafe B para iniciar un primeiro contacto entre os estudantes.

ANTES DE COMEZAR

Pídalles aos seus alumnos que reparen no título da actividade e no debuxo. Explíquelles que se trata de ex-alumnos da Facultade de Medicina que estudaron xuntos, pero que non se ven dende hai moito tempo. Fágalles preguntas como: **Que tipo de preguntas credes que van facer?** ou **De que temas van falar?** Entre as posibles respostas deberían xurdir algunhas que fagan referencia a **comentar o que fixeron nestes últimos anos, preguntar polas novidades, poñerse ao día...**

PROCEDEMENTOS

A. Coméntelles aos seus estudantes que van escoitar os mesmos diálogos das conversas que aparecen na ilustración. Póñalles a audición e, cando remate, pídalles que contesten as preguntas.

Déalles tempo para facelo e, antes da posta en común, permítalles que comenten as súas respostas en parella.

Solución

1. Xoán; 2. Pili; 3. Mario; 4. Xián; 5. Tere; 6. Andrés; 7. Belén

B. Indíquelles aos seus alumnos que formen parellas e evite que estean xuntos os estudantes que xa se coñecen, co fin de que a realización da actividade sexa máis real e motivadora. A continuación, infórmeos de que o que teñen que facer é intentar coñecer un pouco mellor o seu compañeiro, para o que lle farán as preguntas do cuestionario e todas aquelas que queiran

engadir. Pídalles que tomen nota dos datos que lles parezan máis relevantes.

E DESPOIS

Propóñalle a cada estudante que, a partir da información obtida, escriba unha pequena descrición do compañeiro que acaba de entrevistar. Ao final, ánimoos a que lle lean o seu texto ao resto da clase.

2. VIDAS ESPECIAIS

Ler a biografía de dúas persoas e decidir que adxectivos definen mellor as súas vidas. Seleccionar testemuños que se asocien a cada unha delas.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Na primeira parte da actividade, os seus alumnos terán que ler a biografía de dous personaxes do ámbito galego e elixir os adxectivos que mellor definen a súa traxectoria vital. Recórdelles que, nun principio, non hai respostas correctas ou incorrectas, sempre que cada un xustifique a súa escolla.

ANTES DE COMEZAR

Agrupe os estudantes por parellas e pídalles que, nun minuto, escriban todos os nomes que coñezan de persoeiros galegos vivos. Deseguida, faga unha posta en común para ver que parella ten máis nomes.

PROCEDEMENTOS

A. Escriba no encerado os nomes dos dous protagonistas da actividade, **José Cendón** (fotógrafo e xornalista) e **Rosalía Mera** (empresaria), e pregúntelles aos seus alumnos se os coñecen. A continuación, invíteos a que lean as súas biografías e pídalles que, ao remataren a lectura, elixan os adxectivos que para eles describen mellor a vida de cada un deles.

Concédalles tempo suficiente para facelo e, logo, ánimoos a que comenten as súas ideas en parellas e a que cheguen a un consenso.

Finalmente, faga unha posta en común para que, entre todos, acorden cales son os adxectivos máis axeitados para cada personaxe.

B. Mantendo as mesmas parellas da actividade 1, convide agora os seus alumnos a que lean os testemuños extraídos das diferentes entrevistas. Deseguido, pídalles que relacionen cada declaración cun dos devanditos personaxes.

Logo duns minutos, leve a cabo unha posta en común, na que os estudantes xustifiquen por que se decantaron por un ou por outro personaxe.

Solución (suxestión)

1. José Cendón; 2. Rosalía Mera; 3. José Cendón; 4. Rosalía Mera; 5. José Cendón; 6. José Cendón; 7. Rosalía Mera; 8. Rosalía Mera

E DESPOIS

Pode pedirle a cada estudante que escriba brevemente a súa biografía, tomando como modelo as que acaba de ler. Cando rematen, intercambie ao chou os diferentes textos e, a continuación, cada estudante contaralle ao grupo os principais acontecementos da vida do autor da biografía que lle tocou e escollerá dous adxectivos para resumila, xustificándoo. Os demais deberán adiviñar de quen se trata.

Por último, recolla os textos e devólvallelos corrixidos aos seus alumnos na clase seguinte.

**3. CONTRATO INDEFINIDO**

Ler unha oferta de emprego e unha ficha con información sobre dous candidatos. Reflexionar sobre o uso dalgunhas estruturas para localizar unha acción no tempo, marcar o seu inicio e falar da súa duración.

ANTES DE COMEZAR

Faga referencia ao título da actividade e pregúntelles aos estudantes: **Que é un contrato indefinido?** Permita que formulen as súas hipóteses e, se non dan coa resposta correcta, ofrezca vostede unha explicación parecida a: **Trátase dun contrato de traballo que non ten unha data de finalización estipulada.**

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles aos seus alumnos que lean o anuncio dunha multinacional galega que busca un director financeiro para a súa sucursal en Berna e as fichas dos dous traballadores da empresa que se presentan ao posto: Carme e Xulio.

A continuación, dígalles que, en parellas, decidan cal dos dous é o candidato máis axeitado para o traballo e que o xustifiquen. Logo de que transcorran uns minutos, realice unha posta en común.

B. Pídalles agora aos estudantes que reparen nas estruturas que aparecen resaltadas en grosa nas fichas de Carme e de Xulio e anímeos a que descubran o seu funcionamento. Se lle parece conveniente, pode guiar as reflexións dos estudantes facéndolles as seguintes preguntas: **Que tempos verbais acompañan estas estruturas? Cales se combinan con datas? E cales con cantidades de tempo?**

Así mesmo, pode favorecer a reflexión gramatical debuxando no encerado unha liña con dous puntos marcados (un sería o agora/presente e outro o punto de referencia no pasado), pedíndolles aos alumnos

que expresen graficamente o funcionamento das diferentes estruturas.

Realice, a continuación, unha posta en común e, logo, remítaos ás epígrafes “Falar da duración”, “Marcar o inicio dunha acción ou proceso” e “Localizar unha acción no tempo” da sección de gramática, na páxina 13. Insista no feito de que é posible referirse de formas diferentes a unha mesma realidade e ofrézalles o seguinte exemplo para ilustralo:

Hai dous anos que estudo inglés. = Estudo inglés dende hai dous anos.

Aproveite para recordarlles que en galego se emprega, indistintamente, as formas *dende* e *desde*.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 90, exercicios 1, 3 e 4.

4. ÉPOCA DE CAMBIOS

Escoller un título para un texto. Completar un cadro de perífrases verbais.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Permita que os seus alumnos se familiaricen cos textos e que comprendan a perspectiva dende a que se presenta a información: un punto de inflexión na vida dunha persoa provocado por un acontecemento a partir do cal se analizan as cousas que cambiaron e as que non.

ANTES DE COMEZAR

Escriba no encerado a palabra **cambios** e pregúntelles aos seus alumnos: **Que acontecementos poden representar un gran cambio na vida dunha persoa, nos seus hábitos ou costumes?** Anote no encerado as respostas que obteña e asegúrese de que **ter un fillo** figura entre elas.

PROCEDEMENTOS

A. Pídalles que lean o testemuño de Celia Rei. Deseguida, dígalles que escollan, entre os títulos propostos para o texto, o que lles pareza máis axeitado.

Teña en conta que non hai unha única resposta correcta, senón que a escolla vai depender do punto de vista de cada estudante.

B. Invíteos a que se fixen nas expresións destacadas en grosa no texto. Explíquelles que todas elas son perífrases verbais; é dicir, unha combinación dun verbo conxugado con outro en forma nominal (infinitivo, xerundio ou participio), que algunhas veces van unidos por unha partícula.

Centre a atención dos estudantes no feito de que na perífrase o verbo conxugado (ou principal) perde o seu significado orixinal e adquire outro distinto. Anímeos a que completen o cadro cos elementos que faltan.

Volver empezar

Logo, remítaos á epígrafe “Perífrases” da sección de gramática, na páxina 13, para comprobar se o completaron correctamente. Aproveite ese momento para esclarecer calquera dúbida que puidese quedar sobre as perífrases.

Coméntelles, ademais, que para referirnos a unha acción que non faciamos antes e que no presente tampouco facemos, a estrutura empregada é **seguir + sen + infinitivo: *Sigo sen comer carne*** (= antes non comía carne e agora tampouco). Así mesmo, explíquelles que para falar da duración dunha situación na que non se levou a cabo unha acción ou un proceso se emprega **levar + cantidade de tempo + sen + infinitivo: *Levo tres meses sen fumar***.

E DESPOIS

Separe os seus alumnos en grupos de tres e propóñalles a seguinte actividade: cada un deles debe pensar nun momento da súa vida que supuxo un cambio importante e escribir, sen mencionar a súa causa, tres frases referentes aos aspectos que cambiaron e outras tres sobre os que seguen iguais. Deseguida, por quendas, cada un lerá as súas frases en voz alta e os compañeiros tratarán de adiviñar o que pasou ou en que consistiu o cambio.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 90, exercicio 2.

Páxina 91, exercicio 5.

5. TODOS OS LUNS

Pasar unha lista de palabras do plural ao singular e reflexionar sobre as regras de formación do plural.

ANTES DE COMEZAR

Dígalles aos seus alumnos que, entre todos, analizarán algunhas palabras para estableceren as regras de formación do plural en galego. Deseguida, debuxe no encerado a táboa da **ficha 1**.

Explíquelles que en cada columna se atopa unha das terminacións das palabras en galego e que, entre todos, deben poñer polo menos dous exemplos de palabras con cada terminación. Unha vez completada a táboa, dígalles que pasarán a facer a actividade 5 do libro e que logo regresarán á táboa do encerado.

PROCEDEMENTOS

Pídalles que observen as palabras desta actividade e que, en grupos de tres, as pasen ao singular.

Déalles uns minutos. A continuación, faga unha posta en común e, coa confirmación deles, apunte cada palabra na columna correspondente da táboa no encerado. Compare con eles a palabra en singular e a correspondente forma de plural, subliñe a terminación nas dúas formas e preguntélles os cambios que observan. Logo, formule a regra de formación do plural para cada caso.

E DESPOIS

En grupos de tres, que poden ser os mesmos da actividade anterior, dígalles aos seus alumnos que pasen ao plural as palabras que escribiron inicialmente na táboa do encerado. Asegúrese de que entre elas hai polo menos unha mostra de cada un dos distintos casos de flexión de plural e, de non ser así, engádao vostede. Aclare as dúbidas que poidan ter ao realizar a actividade, pero lembre que tamén os pode remitir á epígrafe “Formación do plural” da sección de gramática, na páxina 13, para que comprobren eles mesmos se o están facendo ben. Para rematar, confirme os resultados nunha posta en común.

MÁIS EXERCICIOS

Páxina 91, exercicio 6.



practicar
e comunicar

6. COIDAS DOS TEUS AMIGOS?

Contestar as preguntas dun test e comentar os resultados mostrando acordo ou desacordo.

ANTES DE COMEZAR

Lea en voz alta o título da actividade e pídalles a dous alumnos que contesten a pregunta formulada, argumentando as súas respostas. Despois, propóñalles que se agrupen en parellas, para repetiren o procedemento, e que tomen notas dos argumentos que fan os compañeiros.

PROCEDEMENTOS

A. Móstrelles o test aos estudantes e pídalles que o fagan, dándolles tempo suficiente para que o completen individualmente.

B. Cando terminen, dígalles aos seus alumnos que contén o seu número de respostas A, B e C e que lean os resultados. Anímeos a que comenten se están de acordo cos resultados que obtiveron e se estes coinciden coa opinión persoal que expresaron antes de facer o test. Asegúrese de que todos os estudantes teñan a oportunidade de mostrar acordo ou desacordo cos resultados.

E DESPOIS

Propóñalles aos seus alumnos o xogo das cadeiras. Faga que senten formando un círculo e quede vostede de pé no centro (sen cadeira). Infórmeos de que vai dicir unha frase en voz alta e que eles deberán escoitala atentamente. Se a frase é certa, deben poñerse de pé e cambiar de cadeira; se non, deben quedar sentados. Diga, por exemplo: **Hai media hora que estamos na clase de galego**. En canto os seus alumnos se levanten,

sente nunha das cadeiras. Así, un alumno quedará sen cadeira. Pídalle que se coloque no centro do círculo e que repita a operación. Recórdelle que debe dicir unha frase que comece por **hai + cantidade de tempo** e tratar de facer que os seus compañeiros se levanten para poder sentar.

7. OS MEUS COMPAÑEIROS E EU

Buscar compañeiros que teñan unhas características determinadas.

PROCEDEMENTOS

Móstrelles aos seus alumnos as frases da táboa desta actividade e pídalles que marquen cunha cruz aquelas situacións que se cumpran para eles (columna **Eu**). A continuación, pídalles que se poñan de pé e que, transformando as afirmacións en preguntas, busquen outros estudantes que contesten de forma afirmativa. Cando os atopen, deberán escribir os seus nomes na columna correspondente. Unha vez finalizada a actividade, pídalles que, individualmente, pensen con quen teñen máis cousas en común. Ao final, leve a cabo unha posta en común na clase.

E DESPOIS

Propóñalles aos estudantes que pensen de que xeito estudar galego pode afectar a súa vida. Dígalles que escriban dúas cousas que deixaron de facer, dúas que seguen facendo e dúas que comezaron a facer relacionadas coa aprendizaxe deste idioma.

Concédalles tempo suficiente para facelo e, deseguida, faga unha posta en común do seguinte xeito: pídalles aos estudantes que digan, un a un, as súas respostas. Por outra banda, escolla un voluntario que saia ao encerado e que vaia anotando aqueles aspectos que se repitan para, entre todos, tratar de extraer algunha conclusión sobre os cambios máis significativos e os máis comúns a toda a clase.

8. CAMBIOS

Falar sobre as cousas que poden cambiar a vida dunha persoa.

PROCEDEMENTOS

A. Indíquelles aos seus alumnos que lean a lista dos posibles feitos que poden cambiar a vida dunha persoa e que, en parellas, traten de engadir polo menos dúas cousas máis. Pasados uns minutos, faga unha posta en común.

B. Lea en voz alta a mostra de lingua e pídalles que, tamén en parellas, comenten que accións ou procesos dos mencionados na lista cren que afectan máis a vida dunha persoa.

C. Infórmeos de que agora van escoitar catro persoas que falan sobre un acontecemento que cambiou a súa vida. Pídalles que escriban, en cada caso, que foi o que pasou. Permítalles escoitar a gravación dúas veces e anídeos a que comparen as súas respostas coas dun compañeiro antes de darlles as solucións.

Solución

1. *Tivo un fillo.*
2. *Fai 18 anos.*
3. *Acaba de xubilarse ou está a piques de facelo.*
4. *Van vivir a Brasil.*

D. Para rematar, forme grupos de tres ou catro estudantes e propóñalles que comenten que cousas da listaxe lles pasaron a eles e cales non.

E DESPOIS

Se lle parece conveniente, pode suxerirles aos seus alumnos, como deberes para a casa, que preparen dous pequenos textos. Teñen que escribir os testemuños inventados de dúas persoas ás que lles pasou algo similar (por exemplo, xubilarse), pero que viviron a experiencia de maneira diferente: a unha cambioulle a vida de forma positiva e, a outra, de forma negativa. Dígalles aos seus alumnos que poden escoller entre as alternativas suxeridas na epígrafe A ou entre as opcións novas que eles mesmos crearon.

9. CANDIDATOS IDEAIS

Inventar a biografía do candidato ideal para un posto de traballo.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Para que as biografías que se creen sexan o suficientemente convincentes, é importante que se asegure vostede de que a fase A se desenvolva en detalle, tal e como lle suxerimos en “Procedementos”.

ANTES DE COMEZAR

Móstrelles aos seus alumnos o título da actividade e pregúntelles: **Que debemos ter en conta para determinar se alguén é un bo candidato para un posto de traballo?** Se non contestan nada, ofrezade a primeira resposta escribindo no encerado, por exemplo, a palabra **estudos**. Logo, anídeos a que indiquen outros aspectos e complete a lista co que vaian mencionando.

Procure que a lista sexa o máis completa posible ou que polo menos aparezan os seguintes ítems: **idade, estudos, nacionalidade, estado civil, idiomas, experiencia laboral, dispoñibilidade, afeccións e personalidade.**

PROCEDEMENTOS

A. Distribúa os seus alumnos en grupos de tres. A continuación, pídalles que escollan un dos postos de traballo e que decidan cales son as características que debe reunir un candidato ideal para ocupalo.

Volver empezar

Déalles tempo para facelo e, deseguida, convide un estudante a saír ao encerado e a completar un cadro como o que atopará na **ficha 2**, coa información que acheguen os seus compañeiros. Se o considera conveniente, pode repartir entre os estudantes unha fotocopia do devandito cadro para que tamén poidan tomar as súas notas e dispoñer da información global.

B. A continuación, pídale a cada grupo que redacte unha breve biografía do candidato ideal para o posto de traballo que escolleron na epígrafe A. Centre a atención dos seus alumnos na mostra de lingua que figura nesta epígrafe e suxíralles que a tomen como modelo para comezar a desenvolver o seu texto.

Para que as producións dos seus alumnos non sexan moi dispares en canto á extensión ou información, establece previamente, se lle parece pertinente, un número de palabras aproximado ou a cantidade de ítems que se deben abordar. Para rematar, pídale a cada grupo que lle presente ao resto da clase o seu candidato ideal.

C. Agora, distribúa os estudantes en grupos de tres ou catro e indíquelles que, por quendas, un vai ser o candidato a un posto de traballo que eles escollan e os demais serán os membros do Departamento de Recursos Humanos da empresa que ofrece a praza, que lle farán unha entrevista. Para que a actividade non resulte repetitiva, recoméndelles que cambien en cada quenda o posto e, a poder ser, as respectivas preguntas. Igual que na epígrafe anterior, unha suxestión é delimitar o número de preguntas para que o desenvolvemento da actividade teña unha duración similar entre os varios grupos de alumnos.



10. O GALEGO, LINGUA SECULAR

Coñecer algúns aspectos da historia da lingua galega e algunhas variantes dialectais deste idioma.

OBSERVACIÓNS PREVIAS

Nesta actividade ofrécese un resumo da orixe da lingua galega, así como do seu status oficial. Ademais, faise unha breve descrición da diversidade dialectal do galego.

É importante ter en conta que a duración desta tarefa vai variar en función do maior ou menor interese dos estudantes. Por outra banda, se a algúns alumnos este tema lles interesa máis que a outros, é importante equilibrar a situación para que, na medida do posible, todos participen por igual.

ANTES DE COMEZAR

Pregúntelles aos seus alumnos: **Sabedes algo sobre a historia da lingua galega? En que lugares se fala? Coñeces algunha variante dialectal do galego? Cal?** Recolla as súas respostas no encerado.

PROCEDEMENTOS

A. Convide os estudantes a que lean o texto para comprobar se as súas respostas eran correctas. Cando remataren, indíquelles que, en parellas, comenten a información que lles pareceu máis relevante, curiosa ou inédita. Logo, pode propoñerlles unha posta en común.

B. Estimule un debate aberto sobre a convivencia das linguas. Suxerímoslle que empregue as preguntas indicadas na actividade, xa que se dirixen á reflexión sobre a propia situación lingüística:

**Sabes a que familia pertence a túa lingua?
Dende cando é a lingua oficial do teu país?
Hai outras linguas oficiais?
Onde se falan?**

Se a maioría dos seus alumnos son galegos, pode reorientar as preguntas do seguinte xeito:

**Coñeces algún outro sitio onde se fala máis dunha lingua?
Son todas oficiais?
Sabes en que tipo de contexto se emprega cada unha delas?**

Anime os estudantes a compartiren todo aquilo que consideren interesante ou que saben sobre contextos multilingües noutros países. Se lle parece oportuno, pode mencionarlles, a modo de exemplo, lugares como Bélxica, Suecia e Finlandia.

C. Se hai estudantes galegos na clase, anímeos a que falen un pouquiño das peculiaridades lingüísticas que hai na súa zona, comparándoas coas formas consideradas estándares no galego.

Se, pola contra, ningún dos seus alumnos é de orixe galega, pode preguntarlles se na súa lingua tamén se atopan esas diversidades dialectais e mostre interese en escoitar o que queiran relatar sobre o tema.